



**Expediente número:** 1798/2018

**Obra:** “Reurbanización dun tramo do Camiño de Infesta”

**Procedemento:** Procedemento de Contratación Aberto Simplificado

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO E DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN UTILIZADO**

Emítese a presente memoria de conformidade co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

### **1.- Introducción**

O Concello de Pontecesures pretende levar a cabo unha actuación de reurbanización de un tramo do Camiño de Infesta, actuación que consiste na renovación tanto dos pavimentos como das instalacións municipais de saneamento e abastecemento de auga, así como o acondicionamento de dúas pequenas zonas de estancia relacionadas co uso tanto por parte dos residentes na zona, como dos peregrinos que transitan por este camiño, que forma parte do Camiño de Santiago (Camiño Portugués).

### **2.- Necesidades administrativas a satisfacer**

En abril de 2017 redáctase a memoria valorada para a definición das obras de reurbanización dun tramo do Camiño de Infesta. Esta memoria foi remitida tanto á Deputación de Pontevedra, xunto coa solicitude de subvención no marco do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, e á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en solicitude de preceptiva autorización para execución de obras en zona de protección do Camiño de Santiago. A directora xeral do Patrimonio Cultural ditou unha resolución que foi notificada ao concello en data 12.02.2018, pola que se autoriza a execución da obra, se ben establécense unha serie de condicionantes que de seguido se relacionan. O obxecto da presente memoria valorada (versión v.02 da memoria inicial) é o de adaptar as obras previstas ás condicións establecidas na antedita resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de xeito que tamén servirá de base para realizar o correspondente procedemento de contratación da obra. As condicións establecidas por Patrimonio, así como as modificacións previstas na presente memoria, son as seguintes:

-Non se plantará unha sebe ao pé dos muros tradicionais existentes, senón que se deixará este espazo libre para a circulación peonil co mesmo pavimento de formigón lavado proposto para o resto da actuación. Elimínase a sebe indicada, que estaba



prevista non coa finalidade de ocultar os muros existentes, senón para evitar o aparcamento de vehículos que dificultan o paso de peóns. Prevese, con este fin, a colocación de bolardos.

- Non se cortará a árbore de porte situada no inicio do Camiño, na esquina coa estrada P0-214, e simplificarse o deseño desta esquina en canto a número de elementos e materiais. Así, evitarase colocar un muro arrodeando esta esquina, e de ser necesario colocalo será dun só material, preferentemente de pedra, etc. Resólvese toda a esquina cun deseño sinxelo e un único material (formigón en color). Resulta preciso substituír a árbore, xa que a actual non é compatible coa solución prevista nin coa súa execución (para facer os muros previstos, afectarase inevitablemente a árbore actual, e resulta preciso facer os muros xusto porque a árbore ten danados os existentes). Para dar cumprimento ao previsto na resolución e no informe que a motiva, auméntase a porte da árbore a plantar, de xeito que desde un primeiro momento e o espazo, previsto para o descanso de peregrinos, sexa acorde coa súa finalidade.

- Seguiranse os criterios indicados e utilizaranse materiais e cores de acabado semellantes aos utilizados, para as obras de reurbanización de dous treitos do Camiño Portugués, renovación dos pavimentos e das instalacións nestes treitos e rehabilitación do lavadoiro de Carreiras (exp. núm. 2016/0248) para acadar un tratamento unitario do Camiño nesta zona. Empregarase o mesmo tipo de formigón (en color e cun tratamento de lavado deixando o árido á vista) que na obra referenciada (actualmente en execución).

- As características estéticas e construtivas e os materiais cores e acabados serán acordes coa paisaxe e coas construcións tradicionais do asentamento. Polo que a pedra a utilizar nos pavimentos será da zona (do mesmo tipo e cor que a empregada nas edificacións tradicionais). A grava das escavas ou alcorques tamén terá unha tonalidade semellante. Empregarase pedra granito do país, cunha cor semellante á das edificacións tradicionais que se conservan na zona. A grava tamén se prevé de granito na mesma cor.

- Os balizas de iluminación serán de deseño sinxelo e con acabado mate e sen brillos. As balizas serán de deseño sinxelo (cilíndrico e sen adornos) e acabado en pintura oxirón cor gris. - Preveranse as canalizacións para o soterramento das instalacións aéreas existentes, de electricidade, telefonía, iluminación urbana, etc. Nos planos de detalle indícase a localización prevista para as posibles canalizacións dos servizos que contan con cableado aéreo (telefonía e electricidade). Notificarase ás empresas subministradoras por si consideran conveniente realizar ditas canalizacións, e o soterrado dos cables, durante a execución da obra.

- Os elementos de rexistro e enlace das redes de servizo colocaranse ordenadamente. As tapas de todos os servizos previstos serán pavimentables (co material que corresponda en cada momento: formigón ou granito) e disporanse ordenadamente.

En definitiva, non cabe dúbida da necesidade, interese, oportunidade e idoneidade da obra, na medida en que propiciará unha clara posta en valor do espazo público existente e de transformación progresiva da área de actuación, procurando a súa dinamización



para convertelo en un lugar de encontro e centro de actividade da cidadanía;

En consecuencia, atópase plenamente xustificada a necesidade, para o cumprimento e realización dos fins institucionais, do Concello de Pontecesures á que se pretende dar satisfacción mediante a celebración do contrato de obras a licitar, así como a súa relación directa, clara e proporcional co seu obxecto.

### **3.- Obxecto e cualificación do contrato**

O obxecto do contrato consiste na execución material das obras de “Reurbanización dun tramo do Camiño de Infesta”, descritas e definidas na correspondente Memoria Valorada de obra, redactada polo arquitecto municipal D. Carlos D. Besada Ferreiro.

O contrato a licitar ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de conformidade co disposto nos artigos 13 e 25 da LCSP.

### **4.- Duración**

O prazo de execución das obras será, como máximo de dous (2) meses.

### **5.- Valor estimado**

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP (importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido), ascende á cantidade de 80.075,02 €.

O método de cálculo aplicado para calcular o valor estimado do contrato, téndose en conta para a súa estimación os prezos habituais no mercado no momento de iniciar o procedemento licitatorio, correspóndese co seguinte detalle/desglose:

<b>Concepto</b>	<b>Contía (en euros)</b>
Presuposto de execución material	67.289,93 €
Gastos Xerais (13%)	8.747,69 €
Beneficio Industrial (6%)	4.037,40 €
Importe (sen IVE)	80.075,02 €

### **6.- Presuposto base de licitación**

O presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto no artigo 100



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

en conexión co artigo 233.1.d) da LCSP, é o consignado na Memoria Valorada da obra, o cal ascende á cantidade total de 969.890,77 €, conforme ó seguinte desglose:

<b>Concepto</b>	<b>Contía (en euros)</b>
Presuposto de execución material	67.289,93 €
Gastos Xerais (13%)	8.747,69 €
Beneficio Industrial (6%)	4.037,40 €
IVE (21%)	16.815,75 €
Total (presuposto base de licitación)	96.890,77 €

Para a determinación do presuposto base de licitación tivéronse en conta os prezos habituais no mercado no momento de iniciar o procedemento licitatorio, tal e como se recolle no presuposto de execución material da Memoria Valorada da obra.

### **7.- Financiación**

A actuación proxectada atópase financiada con cargo á subvención concedida a favor do Concello de Pontecesures por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, e en concreto:

- Con cargo ó “Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017”.

Aprobase o gasto correspondente conforme ó seguinte detalle:

Exercicio	Aplicación presupostaria	Importe (sen IVE)	IVE	Total (presuposto base de licitación)
2018	454-619	80.075,02 €	16.815,75 €	96.890,77 €

O contrato abonarase con cargo ás aplicacións presupostarias do orzamento municipal referida existindo crédito suficiente.

### **8.- Xustificación do procedemento de adxudicación**

Na medida en que o valor estimado da obra proxectada a contratar ascende a 80.075,02



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

€ (sen IVE), resulta aplicable, para a súa adxudicación, o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Pontecesures,, o Concelleiro Delegado de Obras, Ángel M. Souto Cordo,

*(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)*